

NOVEMBRO 2025




ILUSTRACIÓN PINTO & CHINTO

OUTUBRO						
L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

DECEMBRO						
L	M	Me	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

LUNS



Laika sae ao espazo
O primeiro ser vivo terrestre que saíu ao espazo foi unha cadela chamada Laika, a pasaxeira do Sputnik 2 ruso, en 1957.

MARTES



Murchou a esperanza
O israelí Isaac Rabin, que foi primeiro ministro entre 1974 e 1977 e entre 1992 e 1995, foi asasinado por un extremista xudeu en 1995.

MÉRCORES



Paraíso ambiental
O parque nacional de Doñana, entre Sevilla, Huelva e Cádiz, foi declarado patrimonio da humanidade pola Unesco en 1994.

XOVES



Difícil herdeiro
En 1661 nacía en Madrid quen habería de ser Carlos II, duodécimo fillo lexítimo de Filipe IV e o único que puido sucederlle.

VENRES



Español de prestixio
Federico Mayor Zaragoza foi director xeral da Unesco de 1987 a 1999, despois de ser ministro de Educación entre 1981 e 1982.

SÁBADO



A síntese do ARN
Severo Ochoa, que gañou o Nobel de Fisioloxía ou Medicina en 1959, compartido con Arthur Kornberg, faleceu en Madrid en 1993.

DOMINGO



Anos ben levados
A raíña emérita dona Sofía de Grecia, nai de Filipe VI de Borbón, actual rei de España, fai hoxe 87 anos.

10
DÍA MUNDIAL DA CIENCIA PARA A PAZ E O DESENVOLVEMENTO

11

Historiador das Indias
O defensor dos dereitos dos indíxenas frei Bartolomeu das Casas, autor da *Historia general de las Indias*, naceu neste día de 1514.

12

Asasinato de Canalejas
Sendo presidente do Goberno, José Canalejas foi asasinado fronte á librería San Martín, na Puerta del Sol de Madrid, en 1912.

13

Catástrofe ecolóxica
A odisea do Prestige, o petroleiro que afundiú fronte á costa galega e provocou a peor marea negra, comezou neste día do 2002.

14

Si á Alianza Atlántica
O Congreso dos Deputados aprobou en 1996 a integración completa de España na OTAN por 293 votos a favor, 23 en contra e 4 abstencións.

15

Daniel Barenboim
Hoxe fai 83 anos o director de orquestra israelí de orixe arxentina que impulsou a convivencia pacífica entre xudeus e palestinos.

16
DÍA MUNDIAL DA TOLERANCIA

17

A Revolución de Veludo
Praga acabou co réxime comunista en 1989. Václav Havel foi o primeiro presidente do novo réxime, a República Checa.

18

Comezou a Transición
O camiño cara á democracia iniciouse en España neste día de 1976 coa aprobación nas Cortes da Ley de Reforma Política.

19

Museo del Prado
Unha das mellores pinacotecas do mundo, inaugurouse en 1819. Ten obras de Velázquez, Goya, o Greco, Rubens, Tiziano, o Bosco...

20
DÍA INTERNACIONAL DOS DEREITOS DO NENO

21

A Carta de París
A Conferencia sobre Seguridade e Cooperación en Europa asinou en 1990 un tratado que se considera o final oficial da Guerra Fría.

22

A Dama de Ferro
A primeira muller en ser primeira ministra do Reino Unido, Margaret Thatcher, dimitiu polas divisións no seo do seu partido.

23

Outra vez cristiá
O rei de Castela e León Fernando III o Santo reconquistou a capital andaluza de Sevilla en 1248, cando a gobernaba o caíd Axataf.

24

A investigación, salvada
Nace en 1939 en Madrid o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), co desenvolvemento tecnolóxico como obxectivo.

25
DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

26

Alicia fai 160 anos
Charles L. Dogson, matemático da Universidade de Oxford, publicou en 1865 *Alicia no país das maravillas* co pseudónimo Lewis Carroll.

27

Ilustrado español
En 1811 morreu en Navia (Asturias) o escritor, xurista e político ilustrado Gaspar Melchor de Jovellanos.

28

Cardeal político
Unha das personaxes que definiron a Transición foi o cardeal Vicente Enrique Tarancón, arcebispo de Madrid, que morreu hai 31 anos.

29
DÍA INTERNACIONAL DE SOLIDARIEDADE CO POBO PALESTINO

30

Tiña un chorro de voz
O mellor cantante de corridos mexicanos, Jorge Negrete, o Charro Cantor, naceu este día de 1911, hai 119 anos.